

das súas obrigas fiscais, de modo que a intervención deste se leve a cabo na forma menos gravosa posible, sempre que iso non supoña un prexuízo para a Facenda pública e o interese xeral.

O obxectivo de redución da presión fiscal indirecta resulta necesario tanto por razóns de cumprimento da legalidade vixente, en particular os artigos 2.2 e 20 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, como por razóns de carácter técnico, dado que un sistema tributario eficiente debe cumprir co principio de economicidade, de maneira que se reduzan ó mínimo os gastos ocasionados pola xestión e recadación tributaria, tanto para a propia Administración como para o contribuínte.

A redacción ata o de agora vixente do Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto 828/1995, do 29 de maio, obrigaba o contribuínte a practicar autoliquidación e ingresar-lo importe resultante na entidade de depósito que presta o servizo de caixa nas oficinas de xestión tributaria da Administración tributaria competente, sen que resultase posible a utilización da vía de ingreso a través dunha entidade bancaria colaboradora.

A existencia dun único sistema de ingreso ocasiona dificultades nunha eficiente xestión tributaria, de modo que resulta necesario introducir as modificacións pertinentes de maneira que a Administración tributaria competente poida permitirles ós contribuíntes a realización do ingreso das débedas tributarias a través de entidade colaboradora.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2002,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado mediante o Real decreto 828/1995, do 29 de maio.*

Modifícase o número 1 do artigo 107 do Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado mediante o Real decreto 828/1995, do 29 de maio, nos seguintes termos:

«1. O suxeito pasivo, dentro do prazo establecido no artigo 102.1 anterior, practicará a autoliquidación e ingresará o seu importe na entidade de depósito que presta o servizo de caixa na Administración tributaria competente ou nalgunha das súas entidades colaboradoras.»

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Facenda para dicta-las disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

MINISTERIO DE FOMENTO

4919 *REAL DECRETO 259/2002, do 8 de marzo, polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos náuticas. («BOE» 61, do 12-3-2002.)*

O incremento constante do parque de motos náuticas e dos seus niveis de potencia impón a necesidade de aproba-las normas de seguridade necesarias para reducir o risco de accidentes que a súa utilización comporta, tanto para quen as manexa como para os bañistas, en razón da proximidade á costa onde esta actividade se practica.

Este real decreto vén cumprir, en desenvolvemento das previsións contidas no artigo 86.1 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, esta finalidade. Para iso, amplíase substancialmente o alcance das normas de seguridade ata o de agora vixentes contidas na Orde do 22 de xullo de 1999, pola que se establecen medidas de seguridade para o goberno de motos náuticas, créase crea unha nova titulación náutico-deportiva, dividida en tres categorías, necesaria para a navegación con estes artefactos, ata o de agora exenta deste requisito, e impóñense ás empresas dedicadas ó alugamento de motos unhas obrigas de funcionamento destinadas a garanti-la utilización das motos das que dispoñan en condicións de seguridade.

Por outra parte, a Orde do 16 de decembro de 1998 pola que se regula o procedemento abreviado de rexistro e matriculación das motos náuticas, prevé exclusivamente o procedemento de matriculación de motos utilizadas con fins recreativos, deportivos ou comerciais. Sen embargo, a versatilidade destes artefactos náuticos traduciuse en que a súa utilización alcance tamén as administracións públicas e entidades públicas dedicadas a funcións de salvamento de vidas humanas, as embarcacións das cales deben inscribirse na lista oitava do Rexistro de Matrícula de Buques regulado no Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, respecto das cales a citada orde omite calquera referencia. Este real decreto vén suplir este baleiro, ó establece-las normas necesarias para levar a cabo esta matriculación.

Desde a perspectiva da súa adecuación á ordenación constitucional de competencias, as medidas establecidas neste real decreto constitúen, de conformidade co previsto no artigo 6.1.c) da Lei 27/1992, normas reguladoras da mariña mercante, materia que o artigo 149.1.20.^a da Constitución atribúe, con carácter exclusivo, ó Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de marzo de 2002,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-las medidas de seguridade apropiadas para o goberno das motos náuticas que naveguen polo mar territorial español e regula-las modalidades da súa utilización.

Así mesmo, establece as regras necesarias para a matriculación das motos náuticas que sexan propiedade ou estean á disposición de organismos públicos e se utilicen en tarefas de vixilancia, ou de institucións dedicadas ó salvamento marítimo e de vidas humanas no mar.

Artigo 2. *Modalidades de utilización.*

As motos náuticas poderán ser utilizadas dos seguintes modos:

1. Uso particular da moto náutica polo seu propietario ou persoa autorizada por este. A zona de navegación das motos náuticas que se gobernen baixo esta modalidade observará o previsto no artigo 10 deste real decreto.

2. Uso na modalidade de alugamento dunha moto náutica explotada por unha empresa dedicada ó seu alugamento, oficialmente autorizada para ese fin. Pola súa vez, consideraranse tres modalidades de alugamento:

a) Alugamento por horas ou fracción, por empresas dedicadas a esta actividade, provistas das instalacións que mediante este real decreto se determinan. A zona de navegación das motos náuticas que se gobernen baixo esta modalidade axustarase como máximo ós límites do circuíto establecido para isto no artigo 7.2.a), agás no caso de que o arrendatario estea provisto do título correspondente, caso no que se asimilará ó arrendamento por días.

b) Alugamento por horas ou fracción, polas empresas citadas no parágrafo anterior, para a realización de excursións colectivas en navegación.

c) Arrendamento por días, por empresas que se dedican a esta actividade desde instalacións non situadas no mar. A zona de navegación das motos náuticas que se gobernen baixo esta modalidade será a mesma cá das de uso particular.

3. Uso por institucións ou organismos públicos. Só poderán usarse en tarefas de vixilancia, prevención e demais funcións policiais, así como para o auxilio e o salvamento marítimo de vidas humanas e bens.

Artigo 3. *Matriculación e seguro de responsabilidade civil.*

1. As motos náuticas pertencentes a persoas físicas ou xurídicas españolas ou estranxeiras residentes en España deberán estar previamente matriculadas, rexistradas e identificadas, de acordo coa Orde do 16 de decembro de 1998, pola que se regula o procedemento abreviado de rexistro e matriculación de motos náuticas.

2. As motos náuticas que utilicen ou sexan propiedade dos organismos públicos en tarefas de vixilancia, ou de institucións dedicadas ó salvamento marítimo e de vidas humanas no mar, serán obxecto de matriculación e rexistraranse na lista oitava do Rexistro de Matrícula de Buques regulado no Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, mediante o procedemento regulado na orde sinalada no número 1 anterior.

3. As motos náuticas deberán estar aseguradas nos termos previstos no Regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscripción obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas, aprobado polo Real decreto 607/1999, do 16 de abril. Ademais, as motos náuticas destinadas ó uso en calquera das modalidades de alugamento recollidas no número 2 do artigo 2, deberán contar cun seguro de accidentes, aplicándose con carácter supletorio para fixa-la súa contía os importes das indemnizacións previstas no anexo do Regulamento do seguro obrigatoria de viaxeiros, aprobado polo Real decreto 1575/1989, do 22 de decembro.

Artigo 4. *Idade mínima.*

Para gobernar motos náuticas en calquera das súas modalidades será necesario ter cumprido os dezoito anos de idade. Os menores desta idade que cumprisen

os dezaseis anos poderán, non obstante, manexar estas embarcacións, sempre que dispoñan do consentimento dos seus pais ou titores. Este consentimento deberá constar nun documento asinado por quen o preste, xunto coa fotocopia do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, debendo o menor que goberne a moto náutica estar en disposición de exhibir este consentimento en todo momento.

Artigo 5. *Titulación esixida para o goberno das motos náuticas.*

1. Para gobernar motos náuticas na modalidade de uso particular, o usuario deberá estar en posesión dalgún dos títulos de patrón para navegación básica, patrón de embarcacións de recreo, patrón de iate e capitán de iate, regulados na Orde do 17 de xuño de 1997, pola que se determinan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo, ou dos títulos para o goberno de motos náuticas que se establecen no número seguinte.

2. Os títulos náutico-deportivos que habilitan especificamente para o goberno de motos náuticas son os seguintes:

a) Patrón de moto náutica «A», que ten como atribucións o manexo de motos náuticas de potencia igual ou superior a 110 CV.

b) Patrón de moto náutica «B», que ten como atribucións o manexo de motos náuticas de potencia superior a 55 CV e inferior a 110 CV.

c) Autorización federativa de patrón de moto náutica «C», que ten como atribucións o manexo de motos náuticas de potencia inferior a 55 CV.

3. Os títulos de patrón de moto náutica das categorías «A» e «B» serán expedidos polas comunidades autónomas que teñan transferidas as funcións e servizos en materia de ensinanzas náuticas de recreo ou, no seu defecto, pola Dirección Xeral da Mariña Mercante. O modelo de tarxeta acreditativa do título será o mesmo que se establece na Orde do 17 de xuño de 1997, coas indicacións de «patrón de moto náutica A» ou «patrón de moto náutica B», respectivamente. A autorización de patrón de moto náutica da categoría «C» será outorgada pola federación de motonáutica territorialmente correspondente, de acordo co previsto no número 2 do artigo 10, da Orde do 17 de xuño de 1997.

4. Para a obtención dos títulos das categorías «A» e «B» serán necesarios os requisitos seguintes:

a) Para o título de «patrón de moto náutica A», a superación dun exame teórico, de acordo co especificado no anexo I, e para o «patrón de moto náutica B» a superación dun exame teórico, de acordo co especificado no anexo II.

O exame teórico será realizado polas comunidades autónomas que teñan transferidas as funcións e os servizos en materia de ensinanzas náutico-deportivas. Naquelas comunidades que non fosen obxecto das citadas transferencias, o exame será realizado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) A superación dun curso práctico dunha duración mínima de tres horas, realizado polos mesmos órganos citados no número anterior, de acordo coas condicións que se establecen no anexo III.

c) Unha vez superados o exame teórico e o curso práctico, poderase solicitar a expedición do correspondente título ante os órganos competentes, logo do pagamento das taxas correspondentes.

d) Os solicitantes deberán supera-lo recoñecemento médico previsto no artigo 15 da Orde do 17 de xuño de 1997.

5. Para o goberno de motos náuticas arrendadas por días de acordo coa modalidade prevista no artigo

2.2.c) requirirase estar en posesión do título correspondente, de acordo co número 1. En todo caso os datos da tarxeta acreditativa exhibida polo arrendatario figurarán no respectivo contrato de arrendamento.

6. Para o goberno de motos náuticas nas modalidades de alugamento previstas nas alíneas 2.a) e 2.b) do artigo 2:

a) Non será preciso titulación cando as motos arrendadas se utilicen no circuíto ó que se refire o número 2 do artigo 7, aínda que os instructores deberán impartir previamente a instrucción a que se refire a alínea i) deste precepto.

b) Cando se realicen excursións colectivas en navegación será preciso dispor da autorización outorgada pola correspondente federación de motonáutica.

7. Consideraranse válidos, para os efectos previstos neste real decreto, os títulos ou autorizacións expedidos polos países de orixe dos estranxeiros non residentes propietarios ou arrendadores por días de motos náuticas, que supoñan uns coñecementos de navegación suficientes para a utilización destas.

8. Será necesario estar en posesión, polo menos, da autorización de patrón de moto náutica «C» nos seguintes supostos:

a) Para o goberno de motos náuticas como embarcacións de auxilio ou salvamento, por persoal da Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo, Cruz Vermella, Protección Civil e demais institucións ou entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro dedicadas ó auxilio e salvamento da vida humana no mar. As motos náuticas dedicadas permanentemente a esta actividade irán pintadas de cor laranxa.

b) Para o goberno de motos náuticas que realicen funcións de vixilancia e policía nas praias, por persoal da policía municipal, autonómica.

Artigo 6. *Uso particular da moto náutica.*

1. O título para o manexo de motos náuticas non ten carácter profesional e por iso os seus titulares en ningún caso estarán facultados para o transporte ou remolque de pasaxeiros en réxime comercial.

2. As motos non poderán ser utilizadas tampouco para o remolque ou arrastre doutros obxectos flotantes.

3. A bordo dunha moto náutica en ningún caso se superará o número máximo de persoas indicado polo fabricante nas instruccións de uso.

Artigo 7. *Empresas de alugamento de motos náuticas por horas ou fracción.*

1. As empresas que se dediquen ó alugamento de motos náuticas por horas ou fracción deberán estar en posesión dos preceptivos permisos das administracións competentes e dunha autorización de funcionamento outorgada pola Capitanía Marítima na xurisdicción da cal se encontre a base ou instalación de que se trate, todo de acordo co disposto no artigo 111 do Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, aprobado polo Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro.

2. Para obter da Capitanía Marítima a autorización de funcionamento, a empresa deberá contar coa seguinte infraestrutura:

a) Un circuíto de utilización delimitado por, polo menos, catro balizas, coas medidas, posición e distancia a terra establecidas pola Capitanía Marítima, tendo en conta as características da costa, tempos reinantes, correntes e demais circunstancias relacionadas coa seguridade marítima.

b) Unha base flotante, embarcación ou plataforma, na zona do circuíto de alugamento que lles permita ós usuarios estar sentados ata o momento da utilización da moto náutica, así como poder recibir instruccións do seu manexo.

A base flotante estará situada na parte exterior deste circuíto de forma que desde ela se poida supervisar e controla-la adecuada utilización do circuíto por parte dos usuarios, permitindo ademais a saída a libre navegación dos usuarios provistos de titulación adecuada.

A base flotante deberá permiti-la atracada das motos dispoñibles para alugar e disporá así mesmo do seguinte equipo:

1.º Unha moto náutica dedicada exclusivamente á realización das probas previas por parte dos usuarios.

2.º Un posto de mando e control na base, con atención permanente, desde o que se poderá parar unha, varias ou tódalas motos asemade en caso de incumprimento das normas establecidas.

A base flotante deberá ser móbil e poderá instalarse para a súa utilización despois do amencer, debendo ser retirada antes do solpor.

c) O abastecemento das motos efectuarase exclusivamente en porto ou nun lugar especialmente preparado para tal tarefa ou, no seu defecto, na base flotante, debendo estar dotada esta, neste suposto, de tanques estruturais adecuados para tal subministración. Este deberá facerse por persoal técnico da empresa de alugamento, quedando expresamente prohibido o abastecemento ou venda de combustible a motos náuticas ou outras embarcacións distintas das dedicadas ó alugamento pola empresa ou das sinaladas na alínea d) seguinte. Queda así mesmo prohibido o abastecemento nas praias.

d) Unha embarcación ou moto náutica para o traslado dos arrendatarios e daqueles outros que participen nos cursos de instrucción.

e) Unha embarcación ou moto náutica de salvamento por cada grupo de catro usuarios que se encontre utilizando o circuíto en cada momento. Esta embarcación tamén disporá dun posto de mando e control desde o que se poderá parar unha, varias ou tódalas motos asemade, en caso de incumprimento das normas establecidas.

f) As motos náuticas, para que poidan ser alugadas polos usuarios, estarán rexistradas e matriculadas na lista sexta de acordo co disposto na Orde do 16 de decembro de 1998.

A potencia máxima das motos de alugamento utilizadas nas modalidades de circuíto ou en excursións colectivas en navegación estará limitada a 40 kW (54,4 CV). Tódalas motos deberán dispor dun mecanismo de control remoto que lle permita á empresa a teledesconexión do motor co fin de evitar situacións de risco, colisións ou conductas inadecuadas por parte dos usuarios. Disporán igualmente dun dispositivo de home á auga, ben sexa mediante o seu aseguramento ó pulso do usuario ou outro sistema que provoque a parada inmediata do motor en caso de caída do seu conductor á auga.

As motos deberán dispor de elementos reflectantes. En caso de que nunha mesma zona estea presente máis dunha empresa de alugamento, deberán estar afastadas unhas das outras polo menos unha milla.

g) Dotación mínima de persoal de dous monitores da federación de motonáutica correspondente á comunidade autónoma. Un deles efectuará o control das motos náuticas alugadas desde a plataforma, e o outro estará na embarcación de control. Cada monitor-controlador supervisaré un máximo de catro usuarios, debendo

do a empresa contar con monitores-controladores suficientes para os usuarios existentes en cada momento.

Igualmente, no suposto de que a empresa ofrezca o servizo de excursións colectivas en navegación, deberá contarse polo menos cun monitor-controlador por cada catro usuarios.

h) Disposición dos elementos mínimos de seguridade que se especifican no artigo 9 para os usuarios das motos náuticas, en función do número destas de que dispoña a empresa de alugamento.

i) Cada base flotante disporá dun espazo para lles impartir as instrucións ou clases teóricas ós arrendatarios por hora ou fracción, antes da utilización das motos náuticas, sobre o seu manexo e sobre as normas básicas de navegación, salvo que acrediten estar en posesión dos títulos establecidos nos números 1 e 2 do artigo 5. Estas clases teóricas terán un mínimo de cinco minutos de duración.

j) As motos náuticas de alugamento deberán permanecer na base flotante, non admitíndose a súa varada ou estacionamento nas praias.

Artigo 8. *Rexistro de actividades.*

As empresas dedicadas ó alugamento de motos náuticas disporán dun libro de rexistro, autorizado pola Capitanía Marítima, no que se anotarán os datos persoais dos usuarios e a súa titulación náutica, así como a identificación das motos alugadas e os períodos de alugamento.

Artigo 9. *Elementos de seguridade.*

Calquera usuario dunha moto náutica, tanto se está ó seu goberno como se é pasaxeiro, deberá levar posto un chaleco salvavidas homologado pola autoridade que corresponda segundo a nacionalidade do propietario, salvo que posúa o marcado de conformidade CE, cun mínimo de 100 N de flotabilidade para a modalidade de uso particular ou arrendamento por días e de 50 N para a modalidade de alugamento por horas ou fracción, se non sae do circuíto. O chaleco deberá dispor dun asubío para chama-la atención.

Artigo 10. *Zonas e períodos permitidos de navegación.*

1. As motos náuticas na modalidade de uso particular ou arrendamento por días non navegarán nas proximidades dos circuitos das empresas de alugamento nin das excursións colectivas organizadas por estas.

2. As motos náuticas que se aluguen por horas ou fracción, excepto as utilizadas por usuarios provistos de titulación válida, circularán exclusivamente nos circuitos ós que se refire o artigo 7.2.a) pola parte interior ás catro balizas. As motos navegarán sempre circulando no mesmo sentido de xiro arredor do circuíto e a distancia mínima entre elas será de 50 metros.

3. As excursións colectivas en navegación deberán contar polo menos cun monitor por cada catro motos náuticas participantes, as cales navegarán agrupadas en ringleira, encabezada polo monitor e sen adiantamentos entre elas. No suposto de participar máis dun monitor na mesma excursión, un deles navegará na última posición.

4. Cando coincida unha zona onde se permita a libre navegación de motos náuticas con outra acoutada para a realización de regatas de embarcacións propulsadas a vela ou a motor ou de motos náuticas, non se permitirá nesta última a navegación de motos náuticas alleas ó evento deportivo.

5. Queda expresamente prohibida a navegación de motos náuticas dentro das zonas de baño balizadas, as

cales contarán con canais, debidamente balizados, de lanzamento e varada nos extremos das praias, que se utilizarán para permitirla saída ó mar das motos náuticas e demais artefactos de praia, ata supera-lo límite exterior da zona de baño.

Calquera moto náutica que deba ir desde a praia ata a área permitida de navegación ou viceversa, farao a través dos canais anteriormente citados e a unha velocidade que non superará os 3 nós.

6. Nos treitos de costa que carezan de zona de baño balizada queda prohibida a navegación de motos náuticas na franxa de mar contigua á costa nunha largura de 200 metros, salvo para varalas nas praias ou saír ó mar desde elas. Nestes casos, a moto gobernarase seguindo unha traxectoria perpendicular á liña de costa e sempre a unha velocidade reducida, que non superará os 3 nós.

7. As motos náuticas e os artefactos de praia utilizaranse en condicións de boa visibilidade e con bo tempo, e para estes efectos en todo momento deberá ser visible a base flotante desde terra ou viceversa. Unicamente se permitirá a navegación de motos náuticas e de artefactos de praia durante as horas de luz diurna, é dicir, entre unha hora posterior ó amencer e unha hora anterior ó solpor. Deberase conducir con prudencia, evitando a conducción temeraria.

8. O capitán marítimo, ó abeiro do previsto no artigo 88.3.g) da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, poderá modificar os períodos e as zonas de navegación e mesmo prohibir esta temporalmente, cando as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias adversas relacionadas coa seguridade marítima e a da vida humana no mar así o aconsellen.

Artigo 11. *Placa de normas básicas de seguridade.*

Toda moto náutica, calquera que sexa a súa modalidade de uso, deberá levar adherida á súa carrocería e en lugar visible unha placa adecuadamente plastificada na que figuren as normas básicas de funcionamento de acordo coas seguintes especificacións:

- A) Período de navegación: diurno.
- B) Velocidade máxima: 3 nós en:
 - a) Canais e portos deportivos.
 - b) Canais de lanzamento e varada de praias balizadas.
 - c) Zonas de baño de praias non balizadas extremando precaucións con posibles bañistas.
 - d) Acceso perpendicular á praia cando non exista balizamento.
- C) Uso obrigatorio de: chaleco salvavidas.
- D) Obriga de:
 - a) Estar matriculada de acordo coa Orde de 16 de decembro de 1998 pola que se regula o procedemento abreviado de rexistro e matriculación de motos náuticas.
 - b) Dispor de póliza de seguro de acordo co Real decreto 607/1999, do 16 de abril, polo que se aproba o Regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscripción obrigatoria para embarcacións de recreo ou deportivas.
- E) Prohibición de:
 - a) Navegación dentro das zonas de baño balizadas.
 - b) Achegarse a menos de 50 metros doutra moto, artefacto flotante, buques ou embarcacións, debendo evita-la zona de buques fondeados.
 - c) Adiantamentos en excursións colectivas.
 - d) Navegación dentro dos recintos portuarios, agás portos deportivos.

F) Zona de navegación:

a) Motos particulares ou arrendadas por días ou por horas con título, ou alugadas na modalidade de excursións colectivas en navegación:

Fóra da liña de balizamento das praias.

Afastado dos circuítos de alugamento.

Se non hai balizamento, a máis de 200 metros da praia.

Acceso á praia: polos canais de lanzamento e varada balizados. Se non os hai, perpendicular á praia.

b) Motos de alugamento por horas ou fracción:

Polo interior do circuítos balizado (salvo excursións colectivas).

Tódalas motos no mesmo sentido de xiro.

Distancia mínima entre motos: 50 metros.

Uso inadecuado: parada remota do motor e retirada da moto.

Artigo 12. *Réxime sancionador.*

A utilización inadecuada das motos náuticas contravindo o disposto neste real decreto poderá ser obxecto de sanción administrativa con suxeición ó procedemento previsto nos artigos 113 e seguintes da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Disposición adicional única. *Persoal do corpo da Garda Civil.*

O persoal do corpo da Garda Civil que superase o curso teórico e práctico impartido polo Servizo Marítimo deste Instituto co programa aprobado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, estará autorizado para o goberno de motos náuticas sen necesidade de dispor dos títulos náutico-deportivos establecidos no número 2 do artigo 5.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 22 de xullo de 1999 pola que se establecen as medidas de seguridade para o manexo de motos náuticas e, en xeral, cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Fomento para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Dado en Madrid o 8 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,

FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

ANEXO I

Exame teórico do título de patrón de moto náutica «A»

O exame teórico consistirá na realización do test que figura no anexo I, para a obtención do título de patrón de moto náutica «A», e ademais deberá contestar outro módulo de preguntas, integrado por 10 preguntas con

resposta múltiple. Para supera-la proba será necesario responder correctamente o 70 por 100 do conxunto de preguntas.

O tempo de realización do test completo será de sesenta minutos.

Módulo para o manexo de motos de potencia igual ou superior a 110 CV.

- a) Marcas cardinais: significado, forma, tope e cor.
- b) Marcas de augas navegables: significado, forma, tope e cor.
- c) Marcas especiais: significado, forma, tope e cor.
- d) Regra 36 do Convenio internacional para previlas abordaxes: sinais para chama-la atención.
- e) Regra 37 do Convenio internacional para previlas abordaxes: sinais de perigo.
- f) Habilidades e velocidade. Risco das velocidades altas.
- g) Navegación con outras persoas a bordo.

ANEXO II

Exame teórico de patrón de moto náutica «B»

O exame teórico consistirá na realización dun test de 20 preguntas con resposta múltiple, correspondentes, 13 á parte primeira e segunda e 7 á parte terceira. Para supera-la proba será necesario responder correctamente o 70 por 100 do conxunto de preguntas.

O tempo de realización será de corenta e cinco minutos.

Primeira parte. *O usuario.*

1. Os requisitos legais.
 - a) Idade.
 - b) Coñecementos.
 - c) Titulación.
2. Equipamento.
 - a) Obrigatorio.
 - b) Aconsellable.
3. Actitude.
 - a) Decálogo ético.
 - b) Alcool e outras substancias.
 - c) Respecto ó medio. Ruído e vertedura de substancias.
 - d) Uso da moto náutica por familiares e amigos.

Segunda parte. *A moto náutica.*

4. Identificación.
 - a) Importación da moto náutica. Marcaxe CE.
 - b) Rexistro en Capitanías Marítimas, Orde do Ministerio de Fomento do 16 de decembro de 1998.
5. Seguro obrigatorio.
 - a) Real decreto 607/1999, do 16 de abril.
6. Advertencias xerais de seguridade sobre a moto náutica.
 - a) Placa de normas básicas de utilización.
 - b) Matrícula na moto náutica.
 - c) Manual de instrucións do fabricante.
 - d) Sistema home á auga.
 - e) Característica da propulsión por chorro (jet).
 - f) Acelerador por gatillo.
 - g) Precaucións na zona da bomba e tobeira (posibles danos a persoas próximas).

h) Eliminación de sucidade da reixa ou admisión da auga.

- i) Comprobacións antes de arrincar.
- j) Manexo de cambio.
- k) Riscos se se activa a marcha atrás cando se avanza cara a diante (Motos con marcha atrás).
- l) Abastecemento de combustible.
- m) Pasaxeiros.
- n) Sobrecargas.
- ñ) Accesorios e estabilidade da moto náutica.

7. Equipo de emerxencia susceptible de levar na moto náutica.

- a) Equipo de comunicacións de emerxencia.
- b) Aceite.
- c) Ferramentas.

8. Precaucións de seguridade durante a navegación.

- a) Bañistas.
- b) Submarinistas.
- c) Praias.
- d) Canais de balizamento.
- e) Circuitos de alugamento e prácticas.
- f) Costas.
- g) Portos.

Terceira parte. Seguridade na navegación.

9. Normativa.

- a) Xeral.
- b) A Administración marítima no litoral. As Capitánías Marítimas.
- c) Zonas permitidas de navegación.
- d) Zonas prohibidas de navegación.
- e) Períodos de navegación, potencias e velocidades máximas.

10. Precaucións antes de saír a navegar.

- a) Información meteorolóxica e modos de obtela.
- b) Información a amigos, etc. Lugar de destino.
- c) Autonomía da moto náutica.
- d) Comprobacións mecánicas antes de iniciar a navegación.

11. Balizamento.

- a) Marcas laterais de día, rexión «A»: significado e identificación.
- b) Marca de perigo illado: significado, forma, tope e cor.
- c) Balizamento de praias. Zonas de baño balizadas e sen balizar.

12. O Convenio internacional para previlas abor-daxes no mar.

- a) Regra 3: definicións.
- b) Regra 5: vixilancia.
- c) Regra 6: velocidade de seguridade.
- d) Regra 7: risco de abordaxes.
- e) Regra 8: manobra para evita-las abordaxes.
- f) Regra 9: canais angostos.
- g) Regra 12: dereito de paso entre embarcacións de vela.
- h) Regra 13: situación de alcance.
- i) Regra 14: situación de volta encontrada.
- j) Regra 15: situación de cruzamento.
- k) Regra 16: manobra de quen cede o paso.
- l) Regra 17: manobra de quen segue a rumbo.
- m) Regra 18: obrigas entre categorías de embarcacións.
- n) Regra 19: conducta das embarcacións con visibilidade reducida.

ANEXO III

Probas prácticas

As probas prácticas que deben realiza-los aspirantes ós títulos de patrón de moto náutica «A» e patrón de moto náutica «B», tratarán os seguintes puntos:

- a) Izado e botadura da moto desde o remolque.
- b) Comprobacións antes de arrinca-la moto.
- c) Arrinque do motor (Empuxe adiante inmediato).
- d) Parada e/ou atracada.
- e) Xiros.
- f) Navegación en augas pouco profundas e profundas.
- g) Moto náutica envorcada: o seu endereitamento. Moto náutica somerxida.
- h) Remolque da moto no mar.
- i) Esquí náutico. Precaucións (acompañante, etc.).
- j) Navegación con mal tempo.
- k) Navegación con pasaxeiros.
- l) Actuacións en caso de accidente ou de emerxencia.
- m) Rescate de home á auga.

XEFATURA DO ESTADO

5012 *LEI 3/2002, do 12 de marzo, de modificación da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais. («BOE» 62, do 13-3-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con posterioridade á publicación da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, o Goberno das Canarias solicitou a convocatoria da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma das Canarias, para os efectos previstos do artigo 33.2 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, na redacción dada a este pola Lei orgánica 1/2000, do 7 de xaneiro, por entender vulneradas determinadas competencias atribuídas ás comunidades autónomas.

As obtencións vexetais constitúen variedades comerciais amparadas por un réxime xurídico semellante ó da propiedade industrial polo que a distribución de competencias nesta materia vén determinada polo artigo 149.1.9.^a da Constitución, que lle reserva ó Estado en exclusiva a lexislación, deixando para as comunidades autónomas a execución.

Fronte a esta delimitación competencial, o título IV da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, regula o procedemento de concesión dos títulos de obtención vexetal, centralizando no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación tódalas actividades de xestión e tramitación propias deste procedemento.

En materia de propiedade industrial, a protección do dereito dos titulares obtense fundamentalmente a través da súa inscrición no correspondente rexistro administrativo. No caso das obtencións vexetais, a protección